



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Informarles que con data 21 de maio de 2018, publicouse no Diario Oficial de Galicia, a Orde do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/19.

Nesta convocatoria, como novidade, a presentación preferente será telemática a través de:

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

Estas axudas comprenden as seguintes modalidades:

- Cheques para a adquisición de libros de texto para 1º e 2º curso da Educación Primaria, recibindo un cheque de 90€ cunha renda familiar igual ou inferior a 9.000€ ou un cheque de 170€ cunha renda familiar igual ou inferior a 5.400€. As axudas económicas só servirán para a adquisición de libros de texto aprobados polo centro educativo, as cales deberán ser canxeadas no mesmo establecemento, sobre o cal a familia ten liberdade de elección.
- Préstamo de libros de texto para 3º, 4º, 5º e 6º curso da Educación Primaria, recibindo 4 libros de texto cunha renda familiar igual ou inferior a 9.000€ ou 6 libros cunha renda familiar igual ou inferior a 5.400€. Os libros deberán ser devoltos en bo estado ao remate do curso 2018/2019.
- Préstamo de libros de texto para 1º, 2º, 3º e 4º curso da Educación Secundaria, recibindo 4 libros de texto cunha renda familiar igual ou inferior a 9.000€ ou 6 libros cunha renda familiar igual ou inferior a 5.400€. Os libros deberán ser devoltos en bo estado ao remate do curso 2018/2019.
- Material escolar, para todos os cursos, en cheques de 50€ para as familias cunha renda familiar igual ou inferior a 5.400€.
- Alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, recibiran unha axuda de 250€ independentemente da renda per cápita familiar.

O prazo de solicitude, tanto para os alumnos de PRIMARIA como SECUNDARIA, independentemente de que o alumnado teña materias pendentes e deba examinarse en Setembro:

22 de maio a 22 de xuño de 2018

A solicitude será única para todos os irmáns que estuden no mesmo centro educativo, nunha mesma solicitude deberán figurar todos os irmáns solicitantes.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Deberán cumprimentar a solicitude en formato papel e achegala ao centro educativo, xunto coa documentación. Pódese descargar dende a SEDE.XUNTA.GAL

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a

devolver ao finalizar o curso os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto. Así mesmo, **na comprobación de datos ANEXO II, os restantes membros computables da unidade familiar** (conxuxe e fillos) **deberán asinar** para autorizar a consulta dos seus datos de identidade e de renda. **No caso dos menores de idade, asinará un dos proxenitores.**

Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, **aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2018/19**, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2017/18. Este centro rexistrará a solicitude de maneira que acredite a entrada desta en prazo e enviaraa ao centro de destino en que o alumno resulte admitido, que será o encargado da súa gravación e tramitación.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR xunto coa solicitude por vía telemática:

- Copia do LIBRO DE FAMILIA coa situación familiar a 31 decembro 2016
- Sentenza xudicial de separación ou divorcio, no caso de que a situación familiar non coincida coa reflectida no Libro de Familia.
- Volante de convivencia, no caso de que a situación familiar non coincida coa reflectida no Libro de Familia.
- Informe dos Servizos Sociais do Concello, no caso de que a situación familiar non coincida coa reflectida no Libro de Familia.
- Certificado do grao de minusvalía, cando corresponda.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero, cando corresponda.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, cando corresponda.

A renda per cápita a ter en conta será a do exercicio fiscal 2016, e a Consellería de Cultura, Educación e O.U. obterá os datos da AEAT, polo que as familias non teñen que achegar a Declaración do IRPF, excepto si se opoñen á consulta. De todos os xeitos o cálculo será o resultado de dividir as rendas da unidade familiar entre o número de membros computables. Os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2016, sumaranse a base imponible xeral (recadro 392) e a base imponible do aforro (recadro 405); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Membros computables da unidade familiar

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:
 - a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
 - b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
 - c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
 - e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
 - f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.
2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
3. Non terá a consideración de membro computable:
 - a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
 - b) O agresor nos casos de violencia de xénero.
4. En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2016, agás no relativo á violencia de xénero, que se aplicará o disposto na lexislación específica.